

Actividades de lingua inglesa para primeiro de primaria.

Xogos


Ola todas e todos! Esta semana imos cambiar un poquiño e vos deixo uns xogos. Son para repasar as cores, xoguetes e aprender algún animal en inglés. Espero que vos gusten, os ides a facer moi ben! **Non é necesario que os enviades por correo electrónico**, trátase de repasar un pouco a través de estes xogos.

Xogos


Bloope's colors


Enderezo: <http://www.sheppardsoftware.com/preschool/ngames/colors.htm>


Primeiro, facemos clic en "start", rodeado en vermello.




Tradución: "Este é Vermello! Cando é hora de recoller a aula, Vermello está encargado dos xoguetes vermellos. Podes axudarlle a gardar os seus xoguetes?". Facemos clic na frecha rodeada en verde para avanzar.


 **This is Red! When it is time to clean the nursery, Red is in charge of the Red toys. Can you help him put his toys away?**


















Para axudarlle, facemos clic nos xoguetes vermellos!


 **Click on the RED toys.**








Tradución: "Vermello está agardando por os demais Vermellos. Fai clic nos Vermellos que están agardando na herba para que poidan ir a casa".



Tradución: "Este é Azul! Cando é hora de recoller a aula, Azul está encargado dos xoguetes azuis. Podes axudarlle a gardar os seus xoguetes?". Agora temos que facer o mesmo pero coas cores azuis, despois irán saíndo outras cores e temos que facer o mesmo ata rematar o xogo!




Find the pairs

Enderezo: <https://learnenglishkids.britishcouncil.org/archived-word-games/find-the-pairs/school>

Facemos clic en "start" para comezar...



Imos facendo clic nos recadros, e vaines ir aparecendo diferentes palabras de materiais da clase en inglés (*ruler, notebook, pencil case...*) e debuxos dos materiais. Tedes que ir probando ata que vos coincidan, como na imaxe de abaixo.



Zoo animals

Enderezo: <https://www.eslgamesplus.com/zoo-animals-esl-vocabulary-memory-game/>

Neste xogo temos que facer como no anterior, facer clic nos recadriños pero esta vez co nome dos animais. Vos deixo un pequeno vocabulario porque hai algún que non sabedes:

Lion
Tiger
Ostrich
Panda
Elephant
Hippo
Camel
Giraffe

León
Tigre
Avestruz
Oso panda
Elefante
Hipopótamo
Camelo
Xirafa

